

Recomendacións decembro 2023




Bibliotecas
escolares
de Galicia



Khoedi, unha nena de dez anos, ten que deixar a súa casa de Casamence, unha rexión ao sur do Senegal, para instalarse en Vigo, a cidade onde o seu pai xa leva varios anos emigrado.



O neno can é un libro de relatos que aborda asuntos relacionados cos dereitos da infancia, ou máis ben, coa falta de dereitos básicos que unha parte moi importante dos nenos e nenas do mundo padecen hoxe en día. Así, cóntannos historias deses cativos que teñen que sobrevivir remexendo nos colectores de lixo; nenas obrigadas a casar con homes adultos cando aínda nin deixaron as bonecas; ou a discriminación de quen é diferente por calquera motivo.



Dúas soidades que se xuntan. Un vello, o señor Linh, que abandona o seu país fuxindo da guerra e levandónos brazos a súa neta, único motivo polo que viaxa cara a unha terra hostil da que descoñece a lingua e os costumes. E un home só, o señor Bark, que vive decote sumido nas súas lembranzas. O día a día do protagonista mostra unha experiencia de soidade, desarraigo e illamento, unha realidade crúa, pero é tamén un canto á tolerancia, ao respecto e á esperanza a través da amizade.

Recomendacións decembro 2023

Bibliotecas
escolares
de Galicia



LUÍSA VILLALTA



Quen quere vivir nunha cidade onde todo o mundo ten que levar lentes para evitar quedar cego? E quen quere ser limpo e ordenado e portarse ben todo o tempo? Violet descobre rapidamente que algo estraño pasa nesta vila: oe voces, a súa nai fai cousas raras e o seu pai desaparece.



Os seres e os feitos maravillosos que escapan ás leis da Natureza e a Ciencia están presentes na maioría das crenzas e as relixións e aparecen sempre agrupados en dúas castes antagónicas: bos e ruíns, anxos e demos, fadas e bruxas.... e o ser humano queda aí no medio...

E se o papel da munanidade nesta historia non fora o que ela mesma se atribúe?



Animado pola súa amiga -e algo máis que amiga- Carlota, Flanagan empeza a escribir un diario no que recolle as súas primeiras experiencias sexuais, as súas dúbidas e os seus descoñecementos neste ámbito.

-Porque falar de sexo é moi importante. Tan importante como saber o que pode representar manter unha vida sexual plena, satisfactoria e responsable.

